

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MERCEDES SÚAREZ

#### Formación

Título Superior de Danza polo Real Conservatorio de Danza de Madrid.  
Anatomía e Biomecánica aplicada á danza. Universidade Alcalá de Henares.

Realizou estudos de danza clásica en Madrid, París e Bruxelas con profesores como Carmen Ocaña, Emilia Ardanuy, Karen Taft, Irina Grjvina, Victor Ullate, Emilio Altés e Mme. Periphanos, entre outros.

Tamén participou en cursos de contemporáneo e clásico impartidos por Nina Virubova (Girona), Marica Besobrasova (Mónaco), José Parés (Caracas), Valentina Gabanilova (San Petesburgo), Lidia Azzopardi (Barcelona), Carl Paris e Arnold Patersson (Madrid) e Vicente Saez (Valencia).

#### Traxectoria profesional

##### *Bailarina*

- 1973-1976 Bailarina no Ballet Clásico de Madrid dirixido por Eva Borg.
- 1976-1978 Bailarina e axudante de coreografía no Ballet de Versailles (Francia).

##### *Actividade docente*

- 1981 Funda na Coruña a Escola de Danza Druída e a compañía Druída Danza.
- Mestra convidada en: Estudio de Danza Degas (Ferrol), Estudio de Danza Groetch (Murcia), Ballet do Noroeste (Viana do Castelo, Portugal), Taller de Teatro do Concello de Ferrol, Taller de Teatro de Concello da Coruña, Taller de Danza do INEF (A Coruña).
- 2003-2004 Xefa de estudos do Conservatorio Oficial de Danza de Lugo.

##### *Coreógrafa*

-No espectáculo *Glass City. Cidade de cristal*, musical dirixido por Eduardo Alonso e levado a escena por Teatro do Noroeste; nas producións do CDG *O enfermo imaxinario* e *As alegres casadas*, tamén baixo a dirección de Eduardo Alonso, e *A noite vai coma un río*, dirixida por Xúlio Lago, e en *Zocos* de Vicente Montoto e Manuel Lourenzo para Uvegá Teatro.

-Nos vídeos e documentais *Tacón* e *Ai amante*, de F. Villaverde; *Lendas*, de M. Abad; *Santiago Capital Cultural do ano 2000*, de M. Piñeiro; no vídeo promocional de Susana Seivane realizado por TVE e en *Flores tristes*, de M. Abad.

-En vídeo-danza, para *Dos* de Formato Producciones, *Batea*, e *En espera*.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

-Nas óperas *Fausto* (A Coruña), *Rigoletto* (A Coruña), *Dido y Eneas* (Agrupación Lírica Ofelia Nieto. A Coruña).

-Para a Orquestra Sinfónica de Galicia (fragmentos de *Cascanueces*, *El bolero*, *La bella durmiente*; *Julieta en sueños*, 2003; *El carnaval de los animales*, 2005), para a Orquestra Sinfónica de Melide (concertos Música de Cine), para a Xoven Orquestra de Galicia (*West Side Story*, *Valses galegos*, concerto de Andrés Gaos) e para a Orquestra Sinfónica de Lalín (*Blancanieves*).

-Nas galas de entrega dos premios do audiovisual galego (Agapi en 1996 e 1999 e Mestre Mateo de 2002 a 2005) e dos Premios de Teatro María Casares (2002 e 2008),.

-Para Teatro do Noroeste de Viana do Castelo (Portugal) en *Drama de mulleres*, escenificada por Ballet do Noroeste baixo a dirección de Ruben Marks.

-Para TVG dende 1992 e para RTVE nas galas de verán de 2003.

## DRUÍDA DANZA

Como coreógrafa e directora da compañía, asinou os seguintes espectáculos:

1990 *Drama de mulleres*, con música de Win Mertens. Baseada na obra *La casa de Bernarda Alba* de García Lorca.

1995 *A Mari Gaila*, con música popular galega de Muxicas.

1998 *Fronda*, con música do compositor galego Nani García e libreto orixinal de José M. Martín.

1999 *Cuore*, con música de Beethoven e Nani García.

2000 *Metamorfosis* de F. Kafka, música de Arvö Part e escenografía de Suso Montero.

2001 *En espera*, con música de Nani García, escenografía de Antonio F. Simón.

2002 *Lúa amarga*, con música de Beethoven, escenografía de Suso Montero e deseño de luces de Santiago Mañasco.

2003 *O calar do tempo*, con música de Secret Garden e Dulce Pontes, e luces e son de Marcos Vieitez e Antón Ferreiro (RTA).

2004 *A redeira*. Cantigas de Martín Codax con música orixinal do compositor galego Isaac Garabatos, escenografía de Suso Montero e luces e son de RTA.

2005 *20 anos non é nada*, con música de Vivaldi, Beethoven e Nani García. Luces e son de RTA.

2006 *Verde transparente*, con música original de Isaac Garabatos

2008 *ABCDANZA*, con música orixinal de Isaac Garabatos.

Druída Danza leva realizando innumerables funcións polos escenarios galegos dende o ano 1988. Entre as actuacións ofrecidas fóra de Galicia, sobresaen ademais:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- 2008 Teatro de Madrid  
Teatro Odeon (Bucarest, Romanía)
- 2006 College D´Espagne de París (Francia)
- 2005 Teatro Madrid: “Cartografías de la Danza”
- 2004 Teatro Madrid: “Maratón de Danza”
- 2003 Théâtre Maurice Béjart-Verneuil sur Seine (Francia)
- 2002 Mercat de les Flors (Barcelona): “Marató de l´Espectacle”
- 2001 Arriola Kultur Aretoa, Elorrio (Biscaia)  
Auditori LesCorts (Barcelona)  
Casa Elizalde (Barcelona)  
Circuíto de danza “Dansa a l´Illa” (Barcelona)  
Centro Cívico La Sagrera (Barcelona)  
“Marató de l´Espectacle” (Barcelona)
- 2000 La Casa Elizalde (Barcelona)  
Auditori Les Corts (Barcelona)
- 1999 Centro Cívico La Sagrera (Barcelona)  
Mercat de les Flors (Barcelona)
- 1996 Auditorio Municipal Paredes de Coura (Portugal)  
Auditorio Carlos Alberto do Porto (Portugal)

A compañía participou, así mesmo, en galas benéficas para Manos Unidas (1995), Xornadas de Solidariedade co Sáhara (1996-1998), Asociación de Esclerose Múltiple (1997 e 2003) e Axuda en Acción (1998 e 1999).

Recibiu tamén os seguintes premios:

- Certame de Teatro “Ciudad de Lugo” por *Drama de mulleres* (1990).
- Certame Coreográfico de Galicia: terceiro premio por *O calar do tempo* (2004) e mención especial por *O anxo exterminador* (2005).
- Premiada tamén no Maratón de Danza de Madrid, onde participaron máis de 150 compañías de toda España.
- Primeiro Premio no certame de Viana do Castelo (Portugal).

Algunha das coreografías de Druída Danza foron interpretadas por outras compañías como Ballet do Noroeste (Viana do Castelo), Ballet de Cámara de Alicia Alonso (Madrid) e Ballet Nacional de Santo Domingo (República Dominicana).

Entre os alumnos destacados da escola, figuran nomes como Lucía Barbadillo (integrante do Ballet Nacional dirixido por Nacho Duato e na actualidade, bailarina do Rambert Ballet en Inglaterra), Paula de Castro (primeira bailarina do Ballet da Ópera de Niza) e Miguel A. Ponte (bailarín convidado no Joven Ballet de Cámara de Alicia Alonso e no Ballet Nacional de Santo Domingo).